



XUNTA
DE GALICIA

CONSERVATORIO PROFESIONAL
DE MÚSICA DA CORUÑA



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD85PRO01

Programación de Análise

5º e 6º de Grao Profesional

Curso 2025 – 2026



Índice

1.	Introdución	4
2.	Metodoloxía	5
3.	Atención á diversidade	7
4.	Temas transversais	8
4.1	Educación en valores	8
4.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	8
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	9
6.	Secuenciación do curso	10
6.1	Curso: 5º ANÁLISE	10
6.1.1	Obxectivos 5º Análise	10
6.1.2	Contidos 5º Análise	12
6.1.3	Avaliación 5º Análise	13
-	Criterios de avaliación 5º Análise	13
-	Mínimos esixibles 5º Análise	17
-	Procedementos e ferramentas de avaliación 5º Análise	18
-	Criterios de cualificación 5º Análise	20
-	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula 5º Análise	21
6.1.4	Medidas de recuperación 5º Análise	22
-	Procedementos de recuperación ordinarios 5º Análise	22
-	Probas extraordinarias de xuño 5º Análise	22
6.1.5	Recursos didácticos 5º Análise	23
6.2	Curso: 6º ANÁLISE	26
6.2.1	Obxectivos 6º Análise	26
6.2.2	Contidos 6º Análise	28
6.2.3	Avaliación 6º Análise	29
-	Criterios de avaliación 6º Análise	29
-	Mínimos esixibles 6º Análise	33
-	Procedementos e ferramentas de avaliación 6º Análise	34
-	Criterios de cualificación 6º Análise	36
-	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula 6º Análise	37
6.2.4	Medidas de recuperación 6º Análise	37
-	Procedementos de recuperación ordinarios 6º Análise	38
-	Probas extraordinarias de xuño 6º Análise	38
6.2.5	Recursos didácticos 6º Análise	39



7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	42
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	42
9.	ANEXOS.....	44
9.1	Proba de acceso a 6º de grao profesional.....	44
-	Contidos	44
-	Criterios de avaliación e cualificación.....	44
9.2	Criterios para a obtención de matrícula de honra	45



1. Introducción

O nivel técnico e interpretativo do alumnado nos dous derradeiros cursos do grao profesional permítelle traballar cun repertorio de obras cunhas dimensións formais, unha complexidade harmónica, polifónica e de elaboración temática e unha variedade estilística e estética que fan necesario afondar no coñecemento dos principais elementos e de procedementos da linguaxe musical e a súa relación coas técnicas compositivas, co fin de avanzar cada vez máis nunca comprensión das devanditas obras. Este avance pódese realizar a través da análise, como ferramenta imprescindible para calquera que sexa o futuro profesional do e da estudante.

A disciplina de Análise pretende suministrar o coñecemento teórico dos principais elementos e procedementos compositivos, e tamén o dunha serie de factores de tipo histórico, indisociables do feito musical como fenómeno cultural. E, sobre todo, pretende proporcionar unha serie de ferramentas metodolóxicas que permitan afrontar a análise desde todos os puntos de vista que poden ser relevantes. Toda obra de arte musical está composta a partir dunha serie de elementos morfolóxicos e procedementos sintácticos. Esa similitude coa linguaxe permite que á música poidan aplicárselle os criterios da lingüística que supoñen unha vía fecunda cara ao coñecemento. Os criterios de sincronía (definido a mutua relación dos elementos da obra) e diacronía (a evolución destes no tempo) son, quizais, os que máis axeitadamente se adaptan á análise musical. É importante a valoración de toda obra musical como pertencente a un estilo ou a un autor e a unha época, que só adquiren a súa exacta dimensión cando se relacionan íntimamente cos estilos ou as épocas anteriores e posteriores.

A análise está concebida como materia común para todas as especialidades nos dous derradeiros cursos do grao profesional, aínda que , pola súa propia esencia, se trate dun ensino que debe estar presente ininterrompidamente desde o inicio dos estudos musicais. Naturalmente, nun nivel básico ou elemental, o grao de complexidade da análise que o profesorado leve a cabo terá que gardar a proporción necesaria cos coñecementos que posúa o alumnado, centrando a atención no recoñecemento dos elementos temáticos, fraseolóxicos, etc..., xa que a



súa comprensión será indispensable para interpretar correctamente as obras, evitando tecnicismos que poidan resultar incomprensibles. En quinto e sexto do grao profesional o alumnado posúe xa os coñecementos necesarios para afondar nunca materia tan incuestionable. Os contidos do ensino da análise abranguen, xa que logo, todos os conceptos referidos aos elementos integrantes da nosa linguaxe musical (sen descartar referencias a músicas non occidentais, dada a utilidade da comparación entre elementos afíns con trayectorias culturais diferentes), cun coñecemento teórico básico da música que vai desde o canto gregoriano ata a actualidade, e con carácter procedemental, tamén a análise de obras dos períodos da práctica tonal (Barroco, Clasicismo e Romanticismo), co fin de poder observar con gran perspectiva o contexto diacrónico. Para iso, a análise deberase centrar no estudo dun número de obras representativas dos períodos e dos estilos que, traballadas tan fondamente como sexa posible, van achegar unha ampla visión das técnicas musicais occidentais, así como os criterios metodolóxicos que se poderán aplicar á análise doutras obras. Pola súa parte, os procedementos diríxense á asimilación teórica dunha serie de coñecementos técnicos ou estilísticos que se deberán recoñecer nas obras musicais mediante a análise de partituras e mediante a identificación auditiva dos elementos e dos procedementos estudados, así como unha práctica instrumental básica destes que conduza á súa interiorización.

2. Metodoloxía

O modo de secuenciar os obxectivos, contidos e criterios de avaliación, a distribución do espazo e do tempo, o agrupamento do alumnado, o emprego das TIC, etc., dependen de supostos teóricos e metodolóxicos que convén facer explícitos con vistas a que tanto o deseño como o desenvolvemento curricular sexan o resultado dunha reflexión consciente a partir de intencións educativas concretas e ben definidas.

As decisións que configuran a proposta metodolóxica teñen os seus referentes básicos, por unha parte, na función que se lle atribúe a ensinanza (traducida na



importancia relativa que se lles concede a uns contidos sobre outros) e, pola, outra, na concepción que se posúe, non sempre explícita, sobre como se aprende e como se ensina. Neste apartado se revisan estes referentes desde a perspectiva derivada dos obxectivos e contidos expresados no decreto do currículo:

- a) Organización do tempo e do espazo; as clases disporán de 120 minutos semanais, que poderán ser distribuídos ben nunha ou en dúas sesións, este curso están todas distribuídas nunha soa sesión. Para manter a atención do alumnado, procuraremos cambiar cada certo tempo de actividade: explicación por partedo profesorado, audición, análise, práctica instrumental, debate, etc... En canto á organización do espazo dependeremos das características e dos recursos cos que conta o conservatorio. As necesidades mínimas da aula están cubertas con: unha aula cun piano, equipo reproductor de música, encerado, unha mesa para o profesorado e mesas e cadeiras para o alumnado. Os alumnos dispoñen dunha biblioteca no centro da que poden dispoñer para calquera consulta. Hoxe en día as novas tecnoloxías poden facilitar e facer moi amena e cómoda a explicación, como o centro dispón dunha aula de informática, cando sexa posible o profesorado tentará darlle o máximo rendemento.
- b) Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC); o centro conta cun equipo informático con conexión a Internet á disposición do profesorado (na sala de profesores) e do alumnado (na biblioteca). Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, busca de partituras, arquivos de audio, libros especializados, etc.
- c) Fomento da lectura; enfocaremos o fomento da lectura en dúas vertentes: por unha banda a literatura musical, procurando que teñan acceso a diversos autores e estilos e incentivando o seu interese por coñecelos: por outra banda, ofreceremos acceso a diversa literatura especializada sobre a materia de Análise.
- d) Funcionalidade dos contidos; ao tratar a funcionalidade dos contidos



os enfocaremos desde dous puntos de vista diferenciados: en primeiro lugar,

- e) tendo en conta que os coñecementos adquiridos sexan aplicables á hora de realizar novas aprendizaxes en relación coa nosa materia e, en segundo lugar, observando a necesidade deses contidos en estudos posteriores ou, simplemente, como parte destacada na formación global do alumnado.

3. Atención á diversidade

O alumnado que chega a estes últimos cursos do grao profesional, na maioría dos casos son compatibilizados con outros estudos de réxime xeral. Cabe esperar que a diversidade do alumnado veña determinada por dous motivos:

- 1) A idade, xa que no grao profesional non hai límite de idade para o seu acceso.
- 2) Pola especialidade instrumental que cursa

As necesidades específicas de apoio educativo, serán requeridas polo alumnado de tardía ou temperá incorporación ao sistema educativo (doutras nacionalidades, precoz...), alumnado con sobredotación intelectual, con algún tipo de discapacidade física (visual, dificultades na mobilidade...).

O apoio a este alumnado realizarase de maneira coordinada polo titor ou titora e coa colaboración do equipo docente das materias que curse, procurando a eliminación de barreiras físicas e socioculturais, o reforzo educativo na medida das súas necesidades, a adaptación dos materiais curriculares e a introdución de actividades de motivación, reforzo e integración.



4. Temas transversais

Educación en valores

A educación no ámbito musical, non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais.

Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos, que deben incorporarse nas diferentes áreas, có fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado unha especial sensibilidade cara a dita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas á aula; temas como a igualdade de oportunidades para ambos sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso có medio ambiente ou, educación para a paz, poderán ser incorporados na aula.

Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá, é cada día mais patente polo que, o estudo da música nos conservatorios aínda que na maioría dos casos cingúese á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais, o uso das TIC's pódense empregar có fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados coa materia, xa non é unha novidade, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso na aula, para a exemplificación con obras que utilizan o mesmo material harmónico que o utilizado na aula así como explorar diferentes posibilidades de harmonización dun mesmo elemento, etc.



O material en formato electrónico (exercicios, partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia, xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso na aula, no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. Contamos no departamento con pantallas dixitais, que nos permiten a visualización por parte de toda a aula do material que o docente considere oportuno para a clase, así como a posibilidade de compartilo co alumnado dunha maneira controlada e didáctica.

As plataformas de almacenamento como Dropbox e GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para o alumnado da materia de harmonía, e así estes, poderán ser supervisados polo docente. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade, especialmente á hora de recopilar información interesante para a materia que se imparte.

Contamos tamén no centro coa Aula Virtual e a plataforma CentrosNet, e así a través delas, nos poden entregar traballos, podemos compartir material da materia, comunicarnos o alumnado co profesorado ante calquera eventualidade e viceversa, resolver dúbidas etc.

Cada docente organiza o traballo contando cos recursos dos que dispoñemos, algúns utilizan todos e outros unha parte, dependendo das necesidades da aula e da organización da materia e programación por parte de cada docente.

O uso de tódolos materiais relacionados coas TIC's empregadas na aula, deben respetar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Tendo en conta as características da materia de análise, e o seu lugar dentro do currículo do alumnado, o departamento de fundamentos de composición procurará a realización de actividades culturais e de promoción da materia: como asistir a algunha audición dos traballos analizados polo propio alumnado, colaboración con profesorado doutros departamentos en audicións que mesturen obras tocadas e analizadas, ademais de outras



posibles actividades relacionadas coa materia de análise que poidan xurdir ó longo co curso e sexan propostas no departamento.

6. Secuenciación do curso

A materia de análise no grao profesional, secuenciase en dous cursos, impartidos en 5º e 6º de grao profesional

Curso: 5º ANÁLISE

Obxectivos 5º Análise

O ensino da análise no grao profesional terá como obxectivo o desenvolvemento das capacidades seguintes:

- Coñecer os principais e máis básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, desde o canto gregoriano ata a actualidade, con especial incidencia nos estilos da práctica tonal: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.

Con este obxectivo preténdese a comprensión e identificación dun xeito sinxelo, dos elementos e procedementos compositivos de cada época, empezando polo clasicismo xa que será a época que mellor enlace con 4º de grao profesional, curso no que alumnado estudou a materia harmonía. A adquisición dun vocabulario específico relacionado coa materia permitirá ó alumnado a expresarse dunha maneira mais precisa, completa e coherente na análise de partituras seguindo uns claros parámetros analíticos

- Analizar obras dos estilos da práctica tonal (barroco, clasicismo e romanticismo) atendendo ós parámetros que as compoñen: macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motivica, textura, ritmo, dinámica, agónica, tímbrica, articulación, etc.

Con este obxectivo, preténdese que neste primeiro curso da materia de análise, o que se analicen sexan obras básicas nas que o alumnado será capaz de identificar e recoñecer os elementos e os principais parámetros da análise como a tonalidade, as



modulacións, os temas, as frases, a forma musical etc., tendo a partitura e coa súa audición para unha maior comprensión

- Sinalar na obra as características dos parámetros que a compoñen conferíndolle unha estética propia do estilo a que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que derivan deles.

Con este obxectivo, trátase de analizar obras musicais representativas pola súa forma, a súa textura, a súa temática... das épocas do barroco, clasicismo e romanticismo. E a través delas ser capaz de identificar e recoñecer as características que permiten relacionalas cunha determinada corrente estilística.

- escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

Con este obxectivo, trátase de continuar e mellorar no alumnado de 5º de profesional, os amplos coñecementos de harmonía, adquiridos en 3º e 4º de grao profesional. Nesta materia de harmonía un dos obxectivos é “ desenvolver o oído interno na análise e na realización de exercicios escritos”, polo que o alumnado estará familiarizado coa sonoridade destes acordes e fórmulas harmónicas. A súa interiorización favorecerá a comprensión das obras analizadas e súa relación co período ó que pertencen sen necesidade de escoitalas (aínda que isto non implica que ó final da análise a audición da obra analizada se poña na aula)

- Tocar esquemáticamente nun instrumento polifónico as fórmulas harmónicas mais características das obras analizadas.

Con este obxectivo preténdese complementar o anterior, xa que aquí se trata de reproducir ditas fórmulas harmónicas nun instrumento polifónico, favorecendo a súa interiorización e por tanto a audición interna. Nesta materia de análise, isto ten que ser complementado coa audición das obras analizadas (obras para piano, obras de cámara como dúos ou tríos, cuartetos de corda etc) para que así o timbre non sexa sempre o mesmo



Contidos 5º Análise

Os contidos da materia de 5º análise serán secuenciados por trimestres:

PRIMEIRO TRIMESTRE:

- Tema 1: Harmonía tonal: tipos de acordes, cadencias e modulacións
- Tema 2: Conceptos analíticos básicos
- Tema 3: Pequenos tipos formais: formas binarias simples e formas ternarias simples
- Tema 4: O minuetto/scherzo da sonata clásica

SEGUNDO TRIMESTRE:

- Tema 5: A forma sonata (análise de forma sonata en tempo rápido)
- Tema 6: Suite e sonata barroca (análise de obras con esta tipoloxía de diferentes compositores)
- Tema 7: O rondó simple (análise de obras con esta tipoloxía de diferentes compositores)

TERCEIRO TRIMESTRE:

- Tema 8: Contrapunto imitativo: o canon e a fuga
- Tema 9: A relación entre texto e música: o lied e/ou outras formas vocais
- Tema 10: A música desde o canto gregoriano ata o Renacemento

Os contidos expostos aquí por trimestres poden sufrir modificacións na orde na que aquí se atopan (pódese seguir unha liña cronolóxica, unha liña que enlace có final do curso anterior, unha liña seguindo a evolución das diferentes formas musicais...) pero o importante é que a final de curso estes contidos estén dados do xeito que mellor se adapte ó estudio e comprensión por parte do alumnado



Avaliación 5º Análise

Ó comezo do curso realizarase unha avaliación inicial para averiguar os coñecementos adquiridos con anterioridade nas materias de harmonía (principalmente) e linguaxe musical.

A avaliación na materia de 5º de análise, baséase nos criterios de avaliación e estes, miden o grao de consecución dos obxectivos, aquí aparecerán secuenciados por trimestres:

- Criterios de avaliación 5º Análise

Os criterios de avaliación para o primeiro trimestre:

- 1- Identificar mediante a análise de obras os compoñentes da linguaxe musical das épocas da historia musical occidental. Con este criterio poderase avaliar a habilidade do alumnado no recoñecemento dos elementos estudados e a comprensión dende o punto de vista do estilo considerado sincrónica e diacrónicamente. Este estilo será o do clasicismo, cunha práctica tonal (cadencias principais, tonalidade principal e modulacións), textura de melodía acompañada (principalmente) e cunha forma binaria ou ternaria
- 2- Sinalar os elementos da linguaxe musical que lle confiren á obra analizada un determinado estilo. Mediante este criterio preténdese avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os procedementos compositivos pertencentes a unha época, a un estilo ou a un autor, avaliar o seu papel funcional e comprendelos desde o punto de vista do estilo do clasicismo. Os principais elementos serán: as tonalidades principais (xustificadas con cadencias), os temas principais (incluímos pontes ou desenvolvemento de temas), ademais da forma (diferentes seccións)
- 3- Expor, con base na análise de obras das épocas de linguaxe musical occidental, os elementos, os procedementos e os niveis estruturais que configuran a forma a grande escala e a súa relación coas estruturas máis pequenas. Preténdese avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os criterios seguidos polo autor ou autora na elaboración da forma global da obra (criterios de proporción, coherencia, contraste, etc), comprender a relación dos devanditos criterios cos elementos que



configuran a forma a pequena escala, e determinar os niveis estruturais establecendo o papel que os elementos e os procedementos xogan dentro deles. Dende o punto de vista estrutural os principais elementos serían: a análise harmónica baseada nas cadencias e tonalidades principais con cifrado harmónico específico que identifique os diferentes acordes e a súa función. A análise da textura de melodía acompañada e a súa combinación coa contrapuntística e homofónica no clasicismo. A análise sintáctica diferenciando entre as diferentes frases e semifrases, así como a análise motívica dende un punto de vista melódico e rítmico.

- 4- Identificar auditivamente os elementos e os procedementos que configuran a forma a pequena escala e a grande escala. Mediante este criterios poderase avaliar o progreso da capacidade auditiva do alumnado, a través da identificación dos elementos e procedementos estudados. Precisamos a audición na aula das obras analizadas ou obras a analizar, dende os principais parámetros estudados (textural, formal, harmónico, temático etc.)

Os criterios de avaliación para o segundo trimestre:

- 1- Identificar mediante a análise de obras os compoñentes da linguaxe musical das épocas da historia musical occidental. Con este criterio poderase avaliar a habilidade do alumnado no recoñecemento dos elementos estudados e a comprensión dende o punto de vista do estilo considerado sincrónica e diacrónicamente. Estes estilos serán dous: o do clasicismo, cunha práctica tonal (cadencias principais, tonalidade principal e modulacións), textura de melodía acompañada (principalmente) e cunhas formas de rondó e forma sonata, ademais do estilo barroco, cunha textura contrapuntística práctica tonal e forma binaria.
- 2- Sinalar os elementos da linguaxe musical que lle confiren á obra analizada un determinado estilo. Mediante este criterio preténdese avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os procedementos compositivos pertencentes a unha época, a un estilo ou a un autor, avaliar o seu papel funcional e comprendelos desde o punto de vista do estilo do clasicismo. Os principais elementos serán: as



tonalidades principais (xustificadas con cadencias), os temas principais (incluímos pontes ou desenvolvemento de temas), ademais da forma (diferentes seccións)

- 3- Expor, con base na análise de obras das épocas de linguaxe musical occidental, os elementos, os procedementos e os niveis estruturais que configuran a forma a grande escala e a súa relación coas estruturas mais pequenas. Preténdese avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os criterios seguidos polo autor ou autora na elaboración da forma global da obra (criterios de proporción, coherencia, contraste, etc), comprender a relación dos devanditos criterios cos elementos que configuran a forma a pequena escala, e determinar os niveis estruturais establecendo o papel que os elementos e os procedementos xogan dentro deles. Dende o punto de vista estrutural os principais elementos serían: a análise harmónica baseada nas cadencias e tonalidades principais con cifrado harmónico específico que identifique os diferentes acordes e a súa función. A análise da textura de melodía acompañada e a súa combinación coa contrapuntística e homofónica no clasicismo. A análise sintáctica diferenciando entre as diferentes frases e semifrases, así como a análise motívica dende un punto de vista melódico e rítmico. A análise principalmente de textura contrapuntística no estilo barroco (se combina con textura homofónica)
- 4- Identificar auditivamente os elementos e os procedementos que configuran a forma a pequena escala e a grande escala. Mediante este criterios poderase avaliar o progreso da capacidade auditiva do alumnado, a través da identificación dos elementos e procedementos estudados. Precisamos a audición na aula das obras analizadas ou obras a analizar, dende os principais parámetros estudados (textural, formal, harmónico, temático etc.)

Os criterios de avaliación para o terceiro trimestre:

- 1- Identificar mediante a análise de obras os compoñentes da linguaxe musical das épocas da historia musical occidental. Con este criterio poderase avaliar a habilidade do alumnado no recoñecemento dos elementos estudados e a comprensión dende o punto de vista do estilo considerado sincrónica e diacrónicamente. Estes estilos serán tres: o do clasicismo, romanticismo, cunha



práctica tonal (cadencias principais, tonalidade principal e modulacións), textura de melodía acompañada (principalmente) e cunhas novas obras como os lieder (voz e piano) do romanticismo, ademais do estilo barroco, cunha textura contrapuntística e, práctica tonal

- 2- Sinalar os elementos da linguaxe musical que lle confiren á obra analizada un determinado estilo. Mediante este criterio preténdese avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os procedementos compositivos pertencentes a unha época, a un estilo ou a un autor, avaliar o seu papel funcional e comprendelos desde o punto de vista do estilo do clasicismo. Os principais elementos serán: as tonalidades principais (xustificadas con cadencias), os temas principais (incluímos pontes ou desenvolvemento de temas), nos lieder a relación entre a música e o texto, ademais da forma (diferentes seccións)
- 3- Expor, con base na análise de obras das épocas de linguaxe musical occidental, os elementos, os procedementos e os niveis estruturais que configuran a forma a grande escala e a súa relación coas estruturas mais pequenas. Preténdese avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os criterios seguidos polo autor ou autora na elaboración da forma global da obra (criterios de proporción, coherencia, contraste, etc), comprender a relación dos devanditos criterios cos elementos que configuran a forma a pequena escala, e determinar os niveis estruturais establecendo o papel que os elementos e os procedementos xogan dentro deles. Dende o punto de vista estrutural os principais elementos serán: a análise harmónica baseada nas cadencias e tonalidades principais con cifrado harmónico específico que identifique os diferentes acordes e a súa función. A análise da textura de melodía acompañada e a súa combinación coa contrapuntística e homofónica no clasicismo e romanticismo. A análise sintáctica diferenciando entre as diferentes frases e semifrases, así como a análise motívica dende un punto de vista melódico e rítmico. A análise principalmente de textura contrapuntística no estilo barroco (se combina con textura homofónica). A relación entre a música e o texto dos lieder do romanticismo



- 4- Identificar auditivamente os elementos e os procedementos que configuran a forma a pequena escala e a grande escala. Mediante este criterios poderase avaliar o progreso da capacidade auditiva do alumnado, a través da identificación dos elementos e procedementos estudados. Precisamos a audición na aula das obras analizadas ou obras a analizar, dende os principais parámetros estudados (textural, formal, harmónico, temático etc.)

- Mínimos esixibles 5º Análise

A nota final da materia dependerá dos exames realizados durante todo o curso, que suporán o 70% da nota final ademais de, exercicios ou pequenos traballos individuais sobre textura, melodía, ritmo, análise harmónico (cifrados e funcións tonais), modulacións e xustificacións... que serán propostos ó longo do curso e como mínimo un por trimestre, ditos exercicios suporán o 30% da nota final. Para aprobar, a nota final será igual ou superior a 5.

As destrezas mínimas que deberán ser demostradas a final de curso serán as seguintes:

- Cadencias principais e tonalidades principais
- Acorde con función de dominante (incluíndo as dominantes secundarias) e cifrados harmónicos
- Modulacións diatónicas e cromáticas
- Analizar as pequenas forma binaria e ternaria, seguindo correctamente os parámetros da análise (sintáctica, temática e formal)
- Analizar a “forma sonata” no clasicismo seguindo os parámetros indicados

A porcentaxe dos exames ou probas escritas de análise será: unha porcentaxe que oscilará entre o 20% e o 40% no apartado de análise harmónico, tonalidades, cadencias, cifrados, etc., e unha porcentaxe que oscilará entre o 80% e o 60% nos apartados de análise sintáctica, temática, formal, textural, melódica e rítmica. A oscilación das porcentaxes expostas depende da obra a analizar, época, autor ...



A cualificación de cada exame, aparecerá reflexada e desglosada en diferentes preguntas ou cuestións, que tratarán os seguintes parámetros: cadencias e tonalidades principais, análise harmónico, análise sintáctico e temático, análise textural, melódico e rítmico e, análise formal. Os aspectos que se pedirán nas probas escritas serán determinadas polo docente segundo a obra elexida para dita proba, así como a correspondente puntuación en cada unha das cuestión formuladas.

- Procedementos e ferramentas de avaliación 5º Análise

Ó principio deste curso, haberá unha ou varias probas (exercicios puntuables) de análise harmónico que conterán, modulacións, dominantes secundarias, cadencias con diferentes formas de dominantes, práctica dos cifrados harmónicos e, ao longo de cada trimestre o docente proporá para realizar na aula un ou varios exames de avaliación no trimestre. Isto dependerá do número de formas vistas no trimestre, e dependendo da densidade dos temas (especificados no apartado de contidos).

Estes exames (70% da nota), xunto cos exercicios ou pequenos traballos (30% da nota), avaliarán un ou varios criterios de avaliación da materia e, tentarase sempre que se poida por parte do profesorado, organizar estas probas con antelación (cun mínimo de dúas semanas), explicando ó alumnado o tipo de exame que deberán realizar.

Cada trimestre, as cuestións dos exames puntuaranse dentro destas porcentaxes: unha porcentaxe que oscilará entre o 20% e o 40% no apartado de análise harmónico, tonalidades, cadencias, cifrados, etc., e unha porcentaxe que oscilará entre o 80% e o 60% nos apartados de análise sintáctica, temática, formal, textural, melódica e rítmica. A oscilación das porcentaxes expostas depende da obra a analizar, época, autor ...

A nota do trimestre contará cun 70% dos exames e cun 30% dos exercicios propostos. Tendo en conta que a materia de análise é de avaliación continua (os temas son eliminatorios, xa que están distribuídos por épocas e diferentes formas musicais), a nota da primeira e segunda avaliación recollerá a nota dos contidos tratados nese trimestre. A nota de final de curso, sen embargo, será a nota media



dos tres trimestres. Para unha avaliación positiva na materia, a nota final de análise debe ser igual ou superior a 5.

No caso de ter alumnado que non puido ser avaliado de maneira continua éste poderá realizar un exame a final de curso para aprobar a materia. A data para dita proba coincide coa última clase da materia do curso e, no horario da clase que ten asignada o alumno dende principio de curso. Este departamento soe mandar convocatoria por CentrosNet.

Este exame consistirá na análise das tonalidades principais, xustificadas con cadencias, análise sintáctica (frases e semifrases), análise textural, análise temático, análise melódico e rítmico, análise formal, análise harmónico, relación entre música e texto (se procede) etc. En resumo analizar seguindo os parámetros desenvolto na materia e no curso de 5º de análise. O exame poderá constar de:

- a) Sinalar os aspectos do párrafo anterior directamente na partitura e no folio
- b) Esquema dos principais parámetros relacionados: análise sintáctico, temático e formal
- c) Redactar un breve comentario analítico dunha parte da partitura
- d) Responder a un cuestionario

A puntuación das diferentes preguntas, será reflexada no exame pola profesora da materia, pero estará encadrada nas seguintes porcentaxes xerais: entre o 20% e o 40% no apartado de análise harmónico, tonalidades, cadencias, cifrados, etc., e unha porcentaxe que oscilará entre o 80% e o 60% nos apartados de análise sintáctica, temática, formal, textural, melódica e rítmica. A oscilación das porcentaxes expostas depende da obra a analizar, época, autor ...

O profesorado, determinará o tempo da realización da proba, que será de mínimo de 120 minutos (dependendo da dificultade da obra, poderase exceder de tempo, sempre que sexa consensuado polo docente e alumnado). Será necesario para a superación da proba e da materia unha nota mínima de 5.



- Criterios de cualificación 5º Análise

A nota final da materia dependerá dos exames ou probas trimestrais realizadas, que suporán o 70% da nota final e, os exercicios ou pequenos traballos propostos serán o 30% da nota final. Para aprobar o 5º curso de análise, a nota final deberá ser igual ou superior a 5.

As destrezas que deberán ser demostradas serán as seguintes:

- a) Analizar e diferenciar unha forma binaria e unha forma ternaria
- b) Identificar os trazos característicos de cada estilo e época referida nos contidos do curso nesta programación
- c) Analizar con corrección a forma sonata nos tempos rápidos
- d) Identificar e analizar correctamente as diferentes seccións dun movemento de sonata do tipo: Menuetto – Trío – Menuetto e, Scherzo – Trío – Scherzo
- e) Identificar e analizar con corrección as diferentes seccións do Rondeau
- f) Relacionar o texto coa música nos lieder do romanticismo

Cada trimestre estes exames, calibraránse dentro destas porcentaxes: unha porcentaxe que oscilará entre o 20% e o 40% no apartado de análise harmónico, tonalidades, cadencias, cifrados, etc., e unha porcentaxe que oscilará entre o 80% e o 60% nos apartados de análise sintáctica, temática, formal, textural, melódica e rítmica. A oscilación das porcentaxes expostas depende da obra a analizar, época, autor ...

A cualificación de cada proba escrita aparecerá reflexada e desglosada en diferentes preguntas ou cuestión, que tratarán os seguintes aspectos: cadencias e tonalidades principais, análise harmónico, análise sintáctico e temático, análise textural, melódico e rítmico e, análise formal. Os aspectos que se pedirán nas probas escritas serán determinadas polo docente segundo a obra elixida para dita proba, así como a correspondente puntuación en cada unha das cuestións formuladas.



Ó longo de cada trimestre o docente, propondrá un ou varios exames de avaliación que abarcaran un ou varios temas expostos no apartado de contidos desta programación. Estes exames avaliarán un ou varios criterios de avaliación da materia. Tentarase por parte do profesorado organizar estes exames con antelación (cun mínimo de dúas semanas), explicando ó alumnado o tipo de exame e os parámetros a analizar.

- Criterios para a concesión de ampliación de matrícula 5º Análise

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula, estarán baseados na realización dun exame antes da avaliación do primeiro trimestre que, consistirá na análise dunha partitura tonal (dentro das formas musicais que se refiren nesta programación e desglosadas no apartado de “contidos”).

A cualificación de cada unha das preguntas ou cuestións do exame, aparecerá reflexada e desglosada en dita proba, na que se tratarán os seguintes aspectos: cadencias e tonalidades principais, análise harmónico, análise sintáctico e temático, análise textural, melódico e rítmico e, análise formal. Os aspectos que se pedirán nas probas escritas serán determinadas polo docente segundo a obra elexida para dita proba.

As cuestións ou preguntas do exame estarán, dentro destas porcentaxes: unha porcentaxe que oscilará entre o 20% e o 40% no apartado de análise harmónico, tonalidades, cadencias, cifrados, etc., e unha porcentaxe que oscilará entre o 80% e o 60% nos apartados de análise sintáctica, temática, formal, textural, melódica e rítmica. A oscilación das porcentaxes expostas depende da obra a analizar, época, autor ...

A duración mínima da proba será de 120 minutos, que poderá exceder de tempo por consenso do alumnado e docente, se a lonxitude da obra o requirise. Para unha avaliación positiva a nota final deberá ser igual ou superior a 5.

O profesorado poderá solicitar un traballo relacionado coa materia de 5º de análise, cunha antelación suficiente de dúas semanas e, que representarán un 10% da nota



final, se este traballo non se solicitase, ceñirémonos só ó exame explicado no párrafo anterior.

Medidas de recuperación 5º Análise

Os diferentes exames (70% da nota) na materia de 5º de análise, realizados ó longo dos trimestres, terán cada un deles a súa correspondente recuperación, sempre avisando con antelación suficiente (nunca inferior a unha semana). Para unha avaliación positiva é necesario que a nota sexa igual ou superior a 5.

- Procedementos de recuperación ordinarios 5º Análise

Os diferentes exames realizados ó longo dos trimestres, terán cada un deles a súa correspondente recuperación no horario correspondente á materia de análise; o resto da clase que non teña que realizar esta proba realizará exercicios propostos polo profesorado relacionados cos contidos que están a estudar nese momento. Para a superación destas probas de recuperación a nota mínima será dun 5.

O alumnado que chegado ó fin do terceiro trimestre non superou algunha das probas (que polo xeral se corresponden con diferentes formas musicais), terá a oportunidade da realización dun exame final coa parte ou partes avaliadas negativamente.

Os exames suporan o 70% da nota final e os exercicios ou traballos propostos o 30% da nota final (estes exercicios tamén se repiten ou se recuperan durante os trimestres e/ou a final de curso).

- Probas extraordinarias de xuño 5º Análise

A proba extraordinaria consistirá nun exame ou proba obxectiva dunha partitura de carácter tonal, de estrutura formal reflexada na programación de 5º de análise e, dos estilos Barroco, Clásico ou Romántico, na que haberá que tratar os seguintes aspectos ou parámetros referidos nesta programación:



- 1- Análise sintáctico e temático, incluíndo neste apartado as cadencias principais, cifrado harmónico así como as tonalidades principais
- 2- Análise textural
- 3- Análise rítmicoe melódico
- 4- Análise harmónico (se procede) dun fragmento da obra proposta
- 5- Análise formal (esquema e explicación da mesma)

A proba terá unha duración mínima de 120 minutos e, se o profesorado o estima oportuno pola lonxitude do exame, poderase exceder este tempo consensuado co alumnado implicado. Para unha avaliación positiva da proba é preciso ter como nota mínima un 5.

A puntuación das diferentes cuestión plantexadas no exame, aparecerán de maneira exacta desglosadas na proba escrita, estando este desglose dentro das seguintes porcentaxes: unha porcentaxe que oscilará entre o 20% e o 40% no apartado de análise harmónico, tonalidades, cadencias, cifrados, etc., e unha porcentaxe que oscilará entre o 80% e o 60% nos apartados de análise sintáctica, temática, formal, textural, melódica e rítmica. A oscilación das porcentaxes expostas depende da obra en cuestión (època, autor...)

Recursos didácticos 5º Análise

A relación de partituras que se presentan a continuación son de carácter orientativo e en ningún caso teñen carácter obrigatorio; son un refrexo de carácter práctico dos obxectivos e contidos expostos na programación, e que poden ser substituídas por obras de dificultade similar:

Clasicismo (principios):

- 1- Sonatina op.36 nº 2 – Allegretto (Clementi)
- 2- Sonatina op.36 nº 2 – Allegro (Clementi)
- 3- Sonatina op. 168 nº 4 – Allegro moderato (Diabelly)



4- Sonatina opus 168 nº5 – Rondó militare (Diabelli)

5- Sonata nº 11 en Sol M (Haydn)

6- Sonata nº 24 en Re M - Allegro (Haydn)

Barroco:

7- Coral “ Als der gütige Gott” (Bach)

8- Coral “ Aus meines Herzens Grunde” (Bach)

9- Suite francesa en Fa M – Menuet (Bach)

10- Suite francesa en re m – Sarabanda (Bach)

11- Sonata barroca: Preludio – Largo (Corelli)

12- Sonata barroca: Allemanda – Allegro (Corelli)

Clasicismo:

1- Sonata en Fa M, 1º movement (Mozart)

2- Sonata violín e piano en Fa M, 1º movement (Mozart)

3- Cuarteto en Re M , 3º movement– Molto Allegro (Mozart)

4- Sonata en Fa M, 3º movement – Rondo (Mozart)

5- Sonata op.2 nº 1, 1º movement (Beethoven)

6- Sonata op. 2 nº1, 3º movement (Beethoven)

7- Sonata op. 2 nº2, 3º movement (Beethoven)

Romanticismo;

8- Danzas de “ Album de la juventud” (Schumann)

a. Soldatenmarsch,

b. Sizilianish,

c. The reaper’s song,

9- Lied: “Langsam, mit Ansdruck” (Schubert)



10- Lied: "Die lotusblume" (Schubert)

11- Lied: "Der Tod, das ist die kühle Nacht" (Brahms)

12- Lied: "Die stadt" (Schubert)

Barroco:

Fugas de Bach ("El clave bien temperado I")

1- Nº 2 en do m

2- Nº 10 en mi m

3- Nº 7 en Mi b M

4- Nº 11 en Fa M

5- Nº 18 en sol # m

6- Nº 1 en Do M

7- Nº 6 en re m



Curso: 6º ANÁLISE

Obxectivos 6º Análise

No curso anterior os estudantes desenvolveron capacidades que lles permiten recoñecer as diferentes tipoloxías formais, as súas variantes e combinacións dentro da práctica tonal e en obras que partían dos exemplos máis sinxelos (en canto a dimensións, densidade...) para ir avanzando cada vez máis cara unha maior complexidade. Con este 6º curso chega o momento de ampliar fronteiras, con esta amplitude de miras procuraremos ofrecer a máis ampla variedade estilística de pezas para analizar, que nos permitirán observar a aplicación dos elementos e procedementos estudados no curso anterior en obras de maiores dimensións, para diferentes formacións instrumentais e que nos achegarán ao xeito de compoñer do maior número de autores posible. Teremos en conta que os estudos de Historia da Música remataron en 5º e procuraremos que os coñecementos adquiridos nesa materia se manteñan frescos, dada a súa importancia á hora de atender aos criterios de sincronía e diacronía necesarios para o desenvolvemento da materia de Análise. O ensino da análise no grao profesional terá como obxectivo o desenvolvemento das capacidades seguintes:

- Coñecer os principais e máis básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, desde o canto gregoriano ata a actualidade, con especial incidencia nos estilos da práctica tonal: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.

Con este obxectivo preténdese a comprensión e identificación, dos elementos e procedementos compositivos de cada época, empezando polo clasicismo xa que será a época que mellor enlace con 5º de grao profesional, e o repaso correspondente antes de empezar coa propia materia de 6º de grao profesional. A adquisición dun vocabulario específico relacionado coa materia permitirá ó alumnado a expresarse dunha maneira mais precisa, completa e coherente na análise de partituras seguindo uns claros parámetros analíticos



- Analizar obras dos estilos da práctica tonal (barroco, clasicismo e romanticismo) atendendo ós parámetros que as compoñen: macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motivica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación, etc.

Con este obxectivo, preténdese que neste segundo curso da materia de análise, o que se analicen sexan obras nas que o alumnado será capaz de identificar e recoñecer os elementos e os principais parámetros da análise como a tonalidade, as modulacións, os temas, as frases, a forma musical etc., tendo a partitura e tamén a súa audición para unha maior comprensión

- Sinalar na obra as características dos parámetros que a compoñen conferíndolle unha estética propia do estilo a que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que derivan deles.

Con este obxectivo, trátase de analizar obras musicais representativas pola súa forma, a súa textura, a súa temática... das épocas do barroco, clasicismo e romanticismo. E a través delas ser capaz de identificar e recoñecer as características que permiten relacionalas cunha determinada corrente estilística.

- escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

Con este obxectivo, trátase de continuar e mellorar no alumnado de 6º de profesional, os amplos coñecementos de harmonía, adquiridos en 3º e 4º de grao profesional, e reforzados en 5º de grao profesional. A súa interiorización favorecerá a comprensión das obras analizadas e súa relación co período ó que pertencen sen necesidade de escoitalas (aínda que isto non implica que ó final da análise a audición da obra analizada se poña na aula)

- Tocar esquemáticamente nun instrumento polifónico as fórmulas harmónicas mais características das obras analizadas.

Con este obxectivo preténdese complementar o anterior, xa que aquí se trata de reproducir ditas fórmulas harmónicas nun instrumento polifónico, favorecendo a súa



interiorización e por tanto a audición interna. Nesta materia de análise, isto ten que ser complementado coa audición das obras analizadas (obras para piano, obras de cámara como dúos ou tríos, cuartetos de corda etc) para que así o timbre non sexa sempre o mesmo.

Contidos 6º Análise

Os contidos da materia de 6º análise serán secuenciados por trimestres:

PRIMEIRO TRIMESTRE:

- Tema 1: Harmonía tonal: tipos de acordes, cadencias e modulacións
- Tema 2: Ampliación de conceptos analíticos. A variación
- Tema 3: A forma sonata (tempo rápido de sonata)
- Tema 4: A forma sonata (tempo lento ou 2º movemento de sonata)

SEGUNDO TRIMESTRE:

- Tema 5: O rondó. O rondó – sonata
- Tema 6: Lied desenvolvido ou rondó de tempo lento
- Tema 7: A gran forma ternaria e o lied ternario
- Tema 8: Contrapunto imitativo: a invención e a fuga

TERCEIRO TRIMESTRE:

- Tema 9: A relación entre texto e música: o lied e/ou outras formas vocais
- Tema 10: Pequenas formas instrumentais do romanticismo
- Tema 11: A sonata preclásica
- Tema 12: A música do século XX e XXI

Os contidos expostos aquí por trimestres poden sufrir modificacións na orde na que aquí se atopan (pódese seguir unha liña cronolóxica, unha liña que enlace có final do curso anterior, unha liña seguindo a evolución das diferentes formas



musicais...) pero o importante é que a final de curso estes contidos estén dados do xeito que mellor se adapte ó estudio e comprensión por parte do alumnado

Avaliación 6º Análise

Ó comezo do curso realizarase unha avaliación inicial para averiguar os coñecementos adquiridos con anterioridade nas materias de harmonía e de 5º de análise.

A avaliación na materia de 6º de análise, baséase nos criterios de avaliación e estes, miden o grao de consecución dos obxectivos, aquí aparecerán secuenciados por trimestres.

- Criterios de avaliación 6º Análise

Os criterios de avaliación para o primeiro trimestre:

- 1- Identificar mediante a análise de obras os compoñentes da linguaxe musical das épocas da historia musical occidental. Con este criterio poderase avaliar a habilidade do alumnado no recoñecemento dos elementos estudados e a comprensión dende o punto de vista do estilo considerado sincrónica e diacrónicamente. Este estilo será o do clasicismo, cunha práctica tonal (cadencias principais, tonalidade principal e modulacións), textura de melodía acompañada (principalmente) e traballando a forma sonata, dentro dos movementos rápidos como nos movementos lentos (xeralmente segundos movementos).
- 2- Sinalar os elementos da linguaxe musical que lle confiren á obra analizada un determinado estilo. Mediante este criterio preténdese avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os procedementos compositivos pertencentes a unha época, a un estilo ou a un autor, avaliar o seu papel funcional e comprendelos desde o punto de vista do estilo do clasicismo. Os principais elementos serán: as tonalidades principais (xustificadas con cadencias) e as modulacións, os temas principais (incluímos pontes ou desenvolvemento de temas, variacións), ademais da forma (diferentes seccións dentro da forma sonata)
- 3- Expor, con base na análise de obras das épocas de linguaxe musical occidental, os elementos, os procedementos e os niveis estruturais que configuran a forma a



grande escala e a súa relación coas estruturas mais pequenas. Preténdese avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os criterios seguidos polo autor ou autora na elaboración da forma global da obra (criterios de proporción, coherencia, contraste, etc), comprender a relación dos devanditos criterios cos elementos que configuran a forma a pequena escala, e determinar os niveis estruturais establecendo o papel que os elementos e os procedementos xogan dentro deles. Dende o punto de vista estrutural os principais elementos serían: a análise harmónica baseada nas cadencias e tonalidades principais con cifrado harmónico específico que identifique os diferentes acordes e a súa función. As modulacións e a súa xustificación. A análise da textura de melodía acompañada e a súa combinación coa contrapuntística e homofónica no clasicismo. A análise sintáctica diferenciando entre as diferentes frases e semifrases, así como a análise motívica dende un punto de vista melódico e rítmico. A análise da variación dentro das obras.

- 4- Identificar auditivamente os elementos e os procedementos que configuran a forma a pequena escala e a grande escala. Mediante este criterios poderase avaliar o progreso da capacidade auditiva do alumnado, a través da identificación dos elementos e procedementos estudados. Precisamos a audición na aula das obras analizadas ou obras a analizar, dende os principais parámetros estudados (textural, formal, harmónico, temático etc.)

Os criterios de avaliación para o segundo trimestre:

- 1- Identificar mediante a análise de obras os compoñentes da linguaxe musical das épocas da historia musical occidental. Con este criterio poderase avaliar a habilidade do alumnado no recoñecemento dos elementos estudados e a comprensión dende o punto de vista do estilo considerado sincrónica e diacrónicamente. Estes estilos serán dous: o do clasicismo, cunha práctica tonal (cadencias principais, tonalidade principal e modulacións), textura de melodía acompañada (principalmente) e cunhas formas de rondó (tempo rápido e lento na sonata) e a forma ternaria e lied ternario (dentro da sonata), ademais do estilo barroco, cunha textura contrapuntística na fuga.



- 2- Sinalar os elementos da linguaxe musical que lle confiren á obra analizada un determinado estilo. Mediante este criterio preténdese avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os procedementos compositivos pertencentes a unha época, a un estilo ou a un autor, avaliar o seu papel funcional e comprendelos desde o punto de vista do estilo do clasicismo. Os principais elementos serán: as tonalidades principais (xustificadas con cadencias), modulacións e a súa xustificación, os temas principais (incluímos pontes ou desenvolvemento de temas), ademais da forma (diferentes seccións)
- 3- Expor, con base na análise de obras das épocas de linguaxe musical occidental, os elementos, os procedementos e os niveis estruturais que configuran a forma a grande escala e a súa relación coas estruturas mais pequenas. Preténdese avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os criterios seguidos polo autor ou autora na elaboración da forma global da obra (criterios de proporción, coherencia, contraste, etc), comprender a relación dos devanditos criterios cos elementos que configuran a forma a pequena escala, e determinar os niveis estruturais establecendo o papel que os elementos e os procedementos xogan dentro deles. Dende o punto de vista estrutural os principais elementos serían: a análise harmónica baseada nas cadencias e tonalidades principais con cifrado harmónico específico que identifique os diferentes acordes e a súa función. A análise da textura de melodía acompañada e a súa combinación coa contrapuntística e homofónica no clasicismo. A análise sintáctica diferenciando entre as diferentes frases e semifrases, así como a análise motívica dende un punto de vista melódico e rítmico. A análise da textura contrapuntística na fuga do barroco.
- 4- Identificar auditivamente os elementos e os procedementos que configuran a forma a pequena escala e a grande escala. Mediante este criterios poderase avaliar o progreso da capacidade auditiva do alumnado, a través da identificación dos elementos e procedementos estudados. Precisamos a audición na aula das obras analizadas ou obras a analizar, dende os principais parámetros estudados (textural, formal, harmónico, temático, fugado etc.)

Os criterios de avaliación para o terceiro trimestre:



- 1- Identificar mediante a análise de obras os compoñentes da linguaxe musical das épocas da historia musical occidental. Con este criterio poderase avaliar a habilidade do alumnado no recoñecemento dos elementos estudados e a comprensión dende o punto de vista do estilo considerado sincrónica e diacrónicamente. Estes estilos serán dous: o do preclasicismo, cunha práctica tonal (cadencias principais, tonalidade principal e modulacións), textura de melodía acompañada (principalmente) e cunha forma binaria e/ou ternaria, ademais do estilo do romanticismo, diferenciando entre os lieder (voz e piano) no que se trata a relación da música có texto ademais de todos os parámetros habituais no clasicismo e, por outro lado as pequenas formas instrumentais do romanticismo como pezas libres e cóos parámetros do clasicismo
- 2- Sinalar os elementos da linguaxe musical que lle confiren á obra analizada un determinado estilo. Mediante este criterio preténdese avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os procedementos compositivos pertencentes a unha época, a un estilo ou a un autor, avaliar o seu papel funcional e comprendelos desde o punto de vista do estilo do clasicismo. Os principais elementos serán: as tonalidades principais (xustificadas con cadencias), modulacións e a súa xustificación, os temas principais (incluímos pontes ou desenvolvemento de temas), ademais da forma (diferentes seccións)
- 3- Expor, con base na análise de obras das épocas de linguaxe musical occidental, os elementos, os procedementos e os niveis estruturais que configuran a forma a grande escala e a súa relación coas estruturas mais pequenas. Preténdese avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os criterios seguidos polo autor ou autora na elaboración da forma global da obra (criterios de proporción, coherencia, contraste, etc), comprender a relación dos devanditos criterios cos elementos que configuran a forma a pequena escala, e determinar os niveis estruturais establecendo o papel que os elementos e os procedementos xogan dentro deles. Dende o punto de vista estrutural os principais elementos serán: a análise harmónica baseada nas cadencias e tonalidades principais con cifrado harmónico específico que identifique os diferentes acordes e a súa función. A análise da



textura de melodía acompañada e a súa combinación coa contrapuntística e homofónica no romanticismo e preclasicismo. A análise sintáctica diferenciando entre as diferentes frases e semifrases, así como a análise motivica dende un punto de vista melódico e rítmico.

- 4- Identificar auditivamente os elementos e os procedementos que configuran a forma a pequena escala e a grande escala. Mediante este criterios poderase avaliar o progreso da capacidade auditiva do alumnado, a través da identificación dos elementos e procedementos estudados. Precisamos a audición na aula das obras analizadas ou obras a analizar, dende os principais parámetros estudados (textural, formal, harmónico, temático etc.)

- Mínimos esixibles 6º Análise

A nota final da materia dependerá dos exames realizados durante todo o curso, que suporán o 70% da nota final ademais de, exercicios ou pequenos traballos individuais sobre textura, melodía, ritmo, análise harmónico (cifrados e funcións tonais), modulacións e xustificacións... que serán propostos ó longo do curso e como mínimo un por trimestre, ditos exercicios suporán o 30% da nota final. Para aprobar, a nota final será igual ou superior a 5.

As destrezas mínimas que deberán ser demostradas a final de curso serán as seguintes:

- Cifrados de acordes en estado fundamental e inversión de todos os acordes tríada e con sétima
- Modulacións: diatónica, cromática e enharmónica
- Harmonía alterada
- Tipos de textura
- Analizar seguindo correctamente os parámetros da análise na “forma sonata”, tanto en tempo rápido como lento



- Analizar seguindo correctamente os parámetros da análise da “gran forma ternaria” ou “lied ternario” no clasicismo e romanticismo en segundos movementos ou tempo lentos
- Analizar seguindo correctamente os parámetros da análise nos “lieder do romanticismo”

A porcentaxe dos exames ou probas escritas de análise será: unha porcentaxe que oscilará entre o 20% e o 40% no apartado de análise harmónico, tonalidades, cadencias, cifrados, etc., e unha porcentaxe que oscilará entre o 80% e o 60% nos apartados de análise sintáctica, temática, formal, textural, melódica e rítmica. A oscilación das porcentaxes expostas depende da obra a analizar, época, autor ...

A cualificación de cada exame, aparecerá reflexada e desglosada en diferentes preguntas ou cuestións, que tratarán os seguintes parámetros: cadencias e tonalidades principais, análise harmónico, análise sintáctico e temático, análise textural, melódico e rítmico e, análise formal. Os aspectos que se pedirán nas probas escritas serán determinadas polo docente segundo a obra elexida para dita proba, así como a correspondente puntuación en cada unha das cuestión formuladas.

- Procedementos e ferramentas de avaliación 6º Análise

Ó principio deste curso, haberá unha ou varias probas (exercicios puntuables) de análise harmónico que conterán, modulacións, dominantes secundarias, cadencias con diferentes formas de dominantes, práctica dos cifrados harmónicos, e/ ou tamén análise textural, melódico e rítmico dun fragmento dunha partitura. Ó longo de cada trimestre o docente propondrá para realizar na aula un ou varios exames de avaliación no trimestre. Isto dependerá do número de formas vistas no trimestre, e dependendo da densidade dos temas (especificados no apartado de contidos).

Estes exames (70% da nota), xunto cos exercicios ou pequenos traballos (30% da nota), avaliarán un ou varios criterios de avaliación da materia e, tentarase sempre que se poida por parte do profesorado, organizar estas probas con antelación (cun



mínimo de dúas semanas), explicando ó alumnado o tipo de exame que deberán realizar.

Cada trimestre, as cuestións dos exames puntuaranse dentro destas porcentaxes: unha porcentaxe que oscilará entre o 20% e o 40% no apartado de análise harmónico, tonalidades, cadencias, cifrados, etc., e unha porcentaxe que oscilará entre o 80% e o 60% nos apartados de análise sintáctica, temática, formal, textural, melódica e rítmica. A oscilación das porcentaxes expostas depende da obra a analizar, época, autor ...

A nota do trimestre contará cun 70% dos exames e cun 30% dos exercicios propostos. Tendo en conta que a materia de análise é de avaliación continua (os temas son eliminatorios, xa que están distribuídos por épocas e diferentes formas musicais), a nota da primeira e segunda avaliación recollerá a nota dos contidos tratados nese trimestre. A nota de final de curso, sen embargo, será a nota media dos tres trimestres. Para unha avaliación positiva na materia, a nota final de análise debe ser igual ou superior a 5.

No caso de ter alumnado que non puido ser avaliado de maneira continua, éste poderá realizar un exame a final de curso para aprobar a materia. A data para dita proba coincide coa última clase da materia do curso e, no horario da clase que ten asignada o alumno dende principio de curso. Este departamento soe mandar convocatoria por CentrosNet.

Este exame consistirá na análise das tonalidades principais, xustificadas con cadencias, análise sintáctica (frases e semifrases), análise textural, análise temático, análise melódico e rítmico, análise formal, análise harmónico, relación entre música e texto (se procede) etc. En resumo analizar seguindo os parámetros desenvoltos na materia e no curso de 6º de análise. O exame poderá constar de:

- a) Sinalar os aspectos do párrafo anterior directamente na partitura e nun folio
- b) Esquema dos principais parámetros relacionados: análise sintáctico, temático e formal
- c) Redactar un breve comentario analítico dunha parte da partitura



d) Responder a un cuestionario

A puntuación das diferentes preguntas, será reflexada no exame polo profesorado da materia, pero estará encadrada nas seguintes porcentaxes xerais: entre o 20% e o 40% no apartado de análise harmónico, tonalidades, cadencias, cifrados, etc., e unha porcentaxe que oscilará entre o 80% e o 60% nos apartados de análise sintáctica, temática, formal, textural, melódica e rítmica. A oscilación das porcentaxes expostas depende da obra a analizar, época, autor ...

O profesorado, determinará o tempo da realización da proba, que será de mínimo de 120 minutos (dependendo da dificultade da obra, poderase exceder de tempo, sempre que sexa consensuado polo docente e alumnado). Será necesario para a superación da proba e da materia de 6º de análise unha nota mínima de 5.

- Criterios de cualificación 6º Análise

A nota final da materia dependerá dos exames ou probas trimestrais realizadas, que suporán o 70% da nota final e, os exercicios ou pequenos traballos propostos serán o 30% da nota final. Para aprobar o 6º curso de análise, a nota final deberá ser igual ou superior a 5.

As destrezas que deberán ser demostradas serán as seguintes:

- a) Analizar e diferenciar unha forma binaria e unha forma ternaria no clasicismo e romanticismo
- b) Analizar a evolución dende a suite barroca, pasando pola sonata barroca, sonata preclásica ata a sonata clásica/romántica
- c) Identificar os trazos característico de cada estilo e época referida nos contidos do curso
- d) Analizar con corrección todos os movementos da sonata clásica e romántica
- e) Relacionar o texto coa música nos lieder do romanticismo

Cada trimestre estes exames, calibraránse dentro destas porcentaxes: unha porcentaxe que oscilará entre o 20% e o 40% no apartado de análise harmónico,



tonalidades, cadencias, cifrados, etc..., e unha porcentaxe que oscilará entre o 80% e o 60% nos apartados de análise sintáctica, temática, formal, textural, melódica e rítmica. A oscilación das porcentaxes expostas depende da obra a analizar, época, autor ...

A cualificación de cada proba escrita aparecerá reflexada e desglosada en diferentes preguntas ou cuestión, que tratarán os seguintes aspectos: cadencias e tonalidades principais, análise harmónico, análise sintáctico e temático, análise textural, melódico e rítmico e, análise formal. Os aspectos que se pedirán nas probas escritas serán determinadas polo docente segundo a obra elexida para dita proba, así como a correspondente puntuación en cada unha das cuestións formuladas.

Ó longo de cada trimestre o docente, propondrá un ou varios exames de avaliación que abarcaran un ou varios temas expostos no apartado de contidos desta programación. Estes exames avaliarán un ou varios criterios de avaliación da materia. Tentarase por parte do profesorado organizar estes exames con antelación (cun mínimo de dúas semanas), explicando ó alumnado o tipo de exame e os parámetros a analizar.

- Criterios para a concesión de ampliación de matrícula 6º Análise

O curso que nos ocupa, 6º de Grao Profesional ó ser o último curso, non existe posibilidade de ampliación de matrícula

Medidas de recuperación 6º Análise

Os diferentes exames (70% da nota) na materia de 6º de análise, realizados ó longo dos trimestres, terán cada un deles a súa correspondente recuperación, sempre avisando con antelación suficiente (nunca inferior a unha semana). Para unha avaliación positiva é necesario que a nota sexa igual ou superior a 5.



- Procedementos de recuperación ordinarios 6º Análise

Os diferentes exames realizados ó longo dos trimestres, terán cada un deles a súa correspondente recuperación no horario correspondente á materia de análise; o resto da clase que non teña que realizar esta proba realizará exercicios propostos polo profesorado relacionados cos contidos que están a estudar nese momento. Para a superación destas probas de recuperación a nota mínima será dun 5.

O alumnado que chegado ó fin do terceiro trimestre non superou algunha das probas (que polo xeral se corresponden con diferentes formas musicais), terá a oportunidade da realización dun exame final coa parte ou partes avaliadas negativamente.

Os exames suporan o 70% da nota final e os exercicios ou traballos propostos o 30% da nota final (estes exercicios tamén se repiten ou se recuperan durante os trimestres e/ou a final de curso).

- Probas extraordinarias de xuño 6º Análise

A proba extraordinaria consistirá nun exame ou proba obxectiva dunha partitura de carácter tonal, de estrutura formal reflexada na programación de 6º de análise e, dos estilos Barroco, Clásico ou Romántico, na que haberá que tratar os seguintes aspectos ou parámetros referidos nesta programación:

- 1- Análise sintáctico e temático, incluíndo neste apartado as cadencias principais, cifrado harmónico así como as tonalidades principais
- 2- Análise textural
- 3- Análise rítmico e melódico
- 4- Análise harmónico (se procede) dun fragmento da obra proposta
- 5- Análise formal (esquema e explicación da mesma)



A proba terá unha duración mínima de 120 minutos e, se o profesorado o estima oportuno pola lonxitude do exame, poderase exceder este tempo consensuado co alumnado implicado. Para unha avaliación positiva da proba é preciso ter como nota mínima un 5.

A puntuación das diferentes cuestión plantexadas no exame, aparecerán de maneira exacta desglosadas na proba escrita, estando este desglose dentro das seguintes porcentaxes: unha porcentaxe que oscilará entre o 20% e o 40% no apartado de análise harmónico, tonalidades, cadencias, cifrados, etc., e unha porcentaxe que oscilará entre o 80% e o 60% nos apartados de análise sintáctica, temática, formal, textural, melódica e rítmica. A oscilación das porcentaxes expostas depende da obra en cuestión (época, autor...)

Recursos didácticos 6º Análise

A relación de partituras que se presentan a continuación son de carácter orientativo e en ningún caso obrigatorio, son un refrexo de carácter práctico dos obxectivos e contidos expostos na programación (pero non ordeados por trimestres), e que poden ser substituídas por obras de dificultade similar sempre que o docente o estime oportuno.

Preclasicismo

- 1- Sonata en Fa M (C.P.E.Bach)
- 2- Sonata en re m (C.P.E.Bach)
- 3- Sonata en do m (C.P.E.Bach)
- 4- Sonata en Do M (Scarlatti)

Clasicismo (2º movementos)

- 1- Sonata violín e piano (Mozart)
- 2- Sonata opus 7 en Mi b M (Beethoven)
- 3- Sonata opus 10 nº 1 (Beethoven)



- 5- Sonata opus 22 (Beethoven)
- 6- Sonata opus 27 (Beethoven)
- 7- Sonata opus 13 nº 8 (Beethoven)

Barroco:

- 1- Preludio en La M (Bach)
- 2- Partita I en Si b M – Preludio (Bach)
- 3- Partita I en Si b M – Courante (Bach)
- 4- Sonata violoncello e piano – Sarabanda (Corelli),
- 5- Sonata violoncello e piano – Giga (Corelli)
- 6- Invención nº V en Mi b M (Bach)
- 7- Invención nº VI en Mi M (Bach)
- 8- Invención nº VIII en Fa M (Bach)
- 9- Invención nº I en Do M (Bach)

Clasicismo:

- 1- Sonata en Do M – 1º movement (Mozart)
- 2- Sonata opus 10 nº1 – 1º movement (Beethoven)
- 3- Sonata opus 10 nº3 – 3º movement (Beethoven)
- 4- Cuarteto nº5 – 3º movement (Mozart)
- 5- Sonata opus 13 – 3º movement (Beethoven)
- 6- Cuarteto en La M (Mozart)

Romanticismo:

- 1- Lied “Der doppelganger” (Schubert)
- 2- Lied “Am leuchtenden sommermorgen” (Schumann)
- 3- Lied “Freissinn” (Schumann)



- 4- Lied “Morgen” (R. Strauss)
- 5- Intermezzo en Si b M (Brahms)
- 6- Fantasiestücke – Warum (Schumann)
- 7- “Il penseroso” (Liszt)



7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Ó longo do curso, nas reunións do departamento, o profesorado revisará de forma permanente o grao de cumprimento desta programación, así como os resultados académicos do alumnado, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos, como as características individuais de cada un dos alumnos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado, condicións, capacidades, etc.

Neste departamento todas as súas reunións constan cun apartado de seguimento da programación no que se comenta o mais destacable polos membros deste departamento e, ó final de cada trimestre cada docente facilita á xefa do departamento un seguimento personal dos diferentes grupos e materias, que constará en acta ó final de primeiro trimestre, segundo trimestre e terceiro trimestre (coincidindo có final de curso).

O profesorado informará ó alumnado a principio de curso das peculiaridades da materia, ponderación dos exercicios, exames, recuperacións etc., ademais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, así como ás familias calquera eventualidade a través das titorías ou da plataforma CentrosNet, na que constan tamén as faltas de asistencia tanto xustificadas como non xustificadas. Así mesmo tentarase manter un contacto continuo cós titores do alumnado (profesorado de instrumento), para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumna/o

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc.



Este departamento consta de catro profesores que imparten a materia de análise, polo que ó final do primeiro trimestre realizamos unha calibración da materia nos cursos 5º e 6º de grao profesional que constará en acta.

Este departamento se caracteriza por ter unha grande variedade de materias (harmonía, novas tecnoloxías, análise, historia da música, itinerario de musicoloxía, itinerario de composición, optativa de música nos medios audiovisuais) así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interés no estudo, etc. Coméntásense regularmente os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna.

A través da xefatura de departamento, trasládanse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que o profesorado estime necesarios.

Finalmente nas memorias de fin de curso individuais e, na memoria do departamento, revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter un óptimo desenvolvemento musical e artístico do alumnado de 3º a 6º de grao profesional que forma parte deste departamento.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado, ordenadores, equipos de audio, software, pantallas dixitais, mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de reforzo, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc ... En definitiva os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita ó profesorado e alumnado levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón soamente de forma teórica.



9. ANEXOS

Proba de acceso a 6º de grao profesional

A proba de acceso consistirá na análise dunha obra de música tonal da época do Barroco, Clasicismo ou Romanticismo, da materia de 5º de análise, tratando os seguintes aspectos, dos que se poderá eliminar algún deles por parte do profesorado ou tribunal da proba.

- Contidos

A proba de acceso a 6º de grao profesional consiste na análise dunha obra tonal, englobada dentro dos contidos da materia de 5º de análise referidos nesta programación. Os parámetros a analizar serán:

- 1- Análise sintáctico (frases, semifrases...), incluíndo neste apartado as cadencias principais, así como as tonalidades principais
- 2- Análise temático
- 3- Análise rítmico e melódico
- 4- Análise textural
- 5- Análise harmónico (se procede) dun fragmento da obra proposta
- 6- Análise formal (esquema e explicación da mesma)

A duración da proba será dun máximo de 2 horas, dependendo da lonxitude e dificultade do exame proposto.

- Criterios de avaliación e cualificación

A puntuación das diferentes cuestión plantexadas na proba aparecerán de maneira exacta desglosadas no exame, estando este desglose dentro destas porcentaxes: unha porcentaxe que oscilará entre o 20% e o 40% no apartado de análise harmónico, tonalidades, cadencias, cifrados, etc., e unha porcentaxe que oscilará



entre o 80% e o 60% nos apartados de análise sintáctica, temática, formal, textural, melódica e rítmica. A oscilación das porcentaxes expostas depende da obra a analizar, época, autor ... Para unha avaliación positiva na proba de análise, a nota será igual ou superior a 5.

Criterios para a obtención de matrícula de honra

A orde do 10 de Marzo de 2009 con data de disposición 10/03/2009 e, data de publicación 18/03/2009, regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premios de fin de grao nas ensinanzas de música e danza.

A matrícula de honra concederase ó alumnado matriculado en calquera curso das ensinanzas profesionais de música ou danza que acaden a calificación de 9 en calquera das materias reguladas polo Decreto 203/2007, do 27 de Setembro, e polo Decreto 204/2007 do 11 de outubro.

Concesión de matrículas de honra:

- 1- O número de matrículas de honra non poderá superar o 10% do alumnado matriculado no curso correspondente
- 2- As matrículas de honra serán propostas polo departamento de composición, a instancia do profesorado que imparte a materia de harmonía
- 3- As propostas do departamento elevaranse á comisión de coordinación pedagóxica (CCP), que levantará acta dos acordos tomados e da concesión das matrículas de honra